

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 20 de xuño de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2016/17.

A Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, no punto 6 da súa disposición final quinta sobre calendario de implantación, establece que as modificacións introducidas nas condicións de acceso e admisión ás ensinanzas reguladas nesa lei orgánica serán de aplicación no curso escolar 2016/17. Así mesmo, no seu punto cincuenta modifícase o artigo 64 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no referente á organización e requisitos de acceso as ensinanzas deportivas.

O Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, no seu artigo 30.1, establece que as probas de carácter específico para o acceso aos ciclos de ensinanzas deportivas serán organizadas e controladas polas administracións educativas; igualmente, nas súas disposicións transitorias segunda e terceira, preceptúa a vixencia temporal das ensinanzas establecidas ao abeiro do Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, e das normas de desenvolvemento previstas nel.

A Orde do 24 de marzo de 2003, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, regula no ámbito de Galicia as probas de madurez e as de carácter específico para acceder ás ensinanzas deportivas conducentes ás titulacións establecidas polo Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro.

O capítulo II da Orde ECD/158/2014, do 5 de febreiro, pola que se regulan os aspectos curriculares, os requisitos xerais e os efectos das actividades de formación deportiva, aos cales refire a disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, establece os requisitos de acceso xerais, específicos e para deportistas de alto nivel, alto rendemento e persoas con discapacidade.

O Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauracións de bens culturais e nos estudos superiores de deseño, establece, por primeira vez, os prezos públicos que serán de aplicación para as ensinanzas deportivas.



Por todo o exposto, esta dirección xeral resolve convocar as probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2016/17, que se rexerán polas seguintes instrucións:

I. Modalidades de acceso.

1. Acceso ás ensinanzas deportivas de grao medio.

Terá acceso ao grao medio das ensinanzas deportivas o alumnado que cumpra calquera dos seguintes requisitos:

a) Dispor do título de graduado en educación secundaria obrigatoria na opción de ensinanzas académicas ou na de ensinanzas aplicadas, ou equivalente para os efectos académicos, e superar unha proba específica. Para o acceso ao segundo nivel de grao medio, ter superados os estudos do primeiro nivel na correspondente modalidade ou especialidade deportiva.

b) O alumnado que non dispoña do título de graduado en educación secundaria, ou equivalente para os efectos académicos, deberá ter 17 anos e superar a proba de madurez que se establece no anexo III desta resolución, ademais da correspondente proba específica.

c) A proba de madurez poderase substituír pola proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional ou de artes plásticas e deseño, ou a de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

2. Acceso ás ensinanzas deportivas de grao superior.

Terá acceso ao grao superior das ensinanzas deportivas o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Dispor do título de técnico deportivo na modalidade ou especialidade deportiva correspondente, cumprir cos requisitos relativos á experiencia deportiva que se puidesen establecer na especialidade ou modalidade correspondente, e ter, cando menos, algún dos seguintes títulos para efectos académicos:

– Bacharel ou equivalente.

– Técnico superior.



– Título universitario.

– Certificado acreditativo de ter superadas todas as materias do bacharelato.

b) O alumnado que non posúa o título de bacharel, ou equivalente para os efectos académicos, ou algún dos títulos establecidos no punto anterior, deberá ter 19 anos e superar unha proba de madurez que se establece no anexo III desta resolución, ou 18 anos sempre e cando posúa, ademais do título de técnico deportivo da modalidade correspondente, un título de técnico relacionado con aquel a que se desexa acceder.

Tanto nun como noutro caso, a idade mínima establecida deberase cumprir dentro do ano natural de realización das probas.

c) A proba de madurez poderase substituír pola parte común da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional ou de artes plásticas e deseño, ou a de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

II. Inscripción para as probas.

1. A inscrición para realizar as probas farase preferentemente na secretaría dos centros públicos onde se imparten ensinanzas deportivas indicados no anexo VI, coa excepción dos aspirantes ás especialidade de Hípica, que se imparte no CPR Cemar Mondariz e no CPR Santa Apolonia e de Vela que se imparte no CPR Santa Apolonia, que deberán formalizala nos centros públicos a que están adscritos. Alternativamente tamén se poderán presentar por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e utilizarase o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es> (código ED318A).

O prazo de inscrición será o comprendido entre o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e o día 21 de xullo de 2016. Para tal fin, os centros docentes deberán expor nos seus taboleiros de anuncios o seguinte:

a) Normativa reguladora da admisión do alumnado.

b) Calendario de publicación da relación de alumnado admitido, así como dos prazos para presentar reclamacións.



c) Calendario e normas para formalizar a matrícula.

2. Para a formalización das solicitudes de inscrición para as probas os centros facilitaránlles ás persoas interesadas o modelo que se xunta como anexo I a esta resolución. Tamén poderá utilizarse o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>. Unha vez cuberto, entregárase unha única solicitude na secretaría do centro.

Igualmente, poderase presentar a solicitude por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En ambos os casos se xuntará a documentación que proceda, segundo o caso, para a acreditación dos datos consignados:

– DNI (só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade).

– Certificación académica en que conste o expediente académico e/ou depósito dalgún dos seguintes títulos:

- Título de graduado na ESO ou de bacharel (ou equivalente), ou certificación académica en que figure ter realizado o depósito do correspondente título, ou libro de cualificacións da ESO ou do bacharelato, ou certificado de ter superadas todas as materias do bacharelato.

- Título de técnico superior.

- Título universitario.

– Certificado de estudos do ciclo formativo en que figuren as cualificacións das materias cursadas e ter realizado o depósito do correspondente título ou o libro de cualificacións do ciclo formativo.

– Certificado de superación da proba de madurez de acceso ás ensinanza deportivas.

– Certificación de superación da proba de acceso á formación profesional de grao medio/superior (parte común), ou a de artes plásticas e deseño.



- Certificación de superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Resolución personalizada da consellería competente en materia de deporte pola que quen solicita obtén a consideración de deportista galego de alto nivel.
- Resolución personalizada do Consello Superior de Deportes pola que quen solicita obtén a consideración de deportista nacional de alto nivel.
- Certificación de méritos deportivos expedida pola federación española ou autonómica correspondente.
- Volante de inscrición condicional (só para titulacións obtidas no estranxeiro).
- Certificación académica en que conste o expediente académico e/ou depósito do título de técnico deportivo alegado para o acceso.
- Certificado do recoñecemento do grao de discapacidade se non foi emitido pola Xunta de Galicia ou, no caso de que fose emitido pola Xunta de Galicia, non se fose autorizado expresamente o órgano encargado da tramitación para a súa consulta.

As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non sexa autorizado o órgano xestor para realizar esta operación,



deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

3. Tal e como se establece no punto 2, as persoas solicitantes da exención total ou parcial da realización da proba de madurez por ter superadas totalmente as probas de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos, segundo o establecido no punto décimo da Orde do 24 de marzo de 2003, xuntarán o certificado correspondente onde conste a opción efectuada e a puntuación conseguida. A resolución sobre a exención correspóndelle ao tribunal avaliador.

4. As persoas solicitantes que aleguen mérito deportivo xuntarán algúns dos documentos acreditativos establecidos no punto 2, da correspondente modalidade ou especialidade, emitido polo órgano competente en materia deportiva. A resolución sobre a exención correspóndelle ao tribunal avaliador.

5. O alumnado que deba realizar a proba de madurez farao constar na epígrafe correspondente da inscrición. No caso de non superar a dita proba, non será admitido na específica.

6. No caso dos/das aspirantes con discapacidade que soliciten adaptación nas probas de madurez e de carácter específico para o acceso ás ensinanzas deportivas, farano constar no punto correspondente da inscrición, e só deberán acreditar o grao de discapacidade mediante certificado, cando este non sexa emitido pola Xunta de Galicia ou no caso de que o interesado non autorice a súa consulta.

Co obxecto de garantir a eficacia da formación e o posterior exercicio das competencias profesionais inherentes ao título, o tribunal avaliará o grao de discapacidade e as limitacións que comporte para poder cursar con aproveitamento as ensinanzas e, de ser o caso, adaptará os requisitos e as probas de acceso que deban superar as persoas aspirantes que, en todo caso, deberán respectar o esencial dos obxectivos fixados no Real decreto 1363/2007 e das ensinanzas mínimas da modalidade ou especialidade deportiva correspondente.

7. No caso de alegar titulacións obtidas no estranxeiro, achegarase volante de inscrición condicional, segundo o modelo recollido como anexo II na Orde ECD/3305/2002, do 16 de decembro, pola que se modifican as do 14 de marzo de 1988 e do 30 de abril de 1996, para a aplicación do disposto no Real decreto 104/1988, do 29 de xaneiro, sobre homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria (BOE do 28 de decembro).



8. Aquelas persoas que teñan pendente algunha materia de bacharelato ou ESO poderán presentarse á proba de acceso sempre e cando acrediten no prazo de matrícula, no mes de setembro, a superación da materia ou materias pendentes. En calquera caso, poderán presentarse á proba de madurez.

9. O día 22 de xullo de 2016 os centros onde se realice a inscrición enviarán á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a través de mensaxaría urxente, a relación de persoas inscritas para realizaren as probas de acceso, xunto coa documentación presentada, en que deberán constar expresamente as persoas que solicitan exención das probas ou probas adaptadas. Unha vez rematadas as probas, a documentación será remitida ao centro de orixe.

10. A relación provisional de persoas inscritas será exposta nos taboleiros de anuncios dos centros onde se realizase a inscrición o día 27 de xullo, así como no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.es>

11. Poderanse presentar alegacións ás listaxes provisorias a través das secretarías dos centros nos cales se presentou a solicitude desde o día 28 ao 29 de xullo. Os centros remitirán estas alegacións, xunto coa documentación presentada, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa o día 29 de xullo por mensaxaría urxente.

12. A relación definitiva de persoas inscritas será exposta nos taboleiros de anuncios dos centros onde se realizase a inscrición o día 1 de agosto, así como no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.es>

III. Desenvolvemento das probas.

1. A proba de madurez realizarase segundo figura no anexo III desta resolución e terá lugar no IES As Fontiñas, Santiago de Compostela, no día e nas horas que se indican a seguir:

a) Grao medio. Proba de madurez: 2 de setembro, das 9.00 ás 13.00 horas.

– Lingua Galega.

– Lingua Castelá.



– Parte sociocultural.

– Parte científico-tecnolóxica.

b) Grao superior. Proba de madurez: 2 de setembro, das 9.00 ás 13.00 horas.

– Lingua Galega e Literatura.

– Lingua Castelá e Literatura.

– Lingua estranxeira (Inglés/Francés).

– Historia de España.

– Historia da Filosofía.

– Ciencias para o Mundo Contemporáneo.

– Cidadanía e Filosofía.

2. A proba de acceso específica para as titulacións de técnicos deportivos realizarase:

– Na modalidade de Fútbol terá lugar no IES Universidade Laboral en Culleredo, o día 6 de setembro ás 10.00 horas, e no IES Sánchez Cantón en Pontevedra (instalación A Xunqueira), o día 7 de setembro ás 10.00 horas. Os aspirantes só poderán realizar as probas no centro en que formalizaron a inscrición.

– Na modalidade de Balonmán terá lugar no IES Sánchez Cantón en Pontevedra (instalación A Xunqueira), o día 7 de setembro ás 9.30 horas.

– Na modalidade de Fútbol sala terá lugar no IES As Lagoas en Ourense, o día 9 de setembro ás 10.00 horas.

– Na modalidade de Baloncesto terá lugar no IES Fermín Bouza Brey en Vilagarcía de Arousa, o día 12 de setembro ás 10.00 horas.

– Na modalidade de Atletismo terá lugar no IES Nosa Señora dos Ollos Grandes en Lugo, o día 14 de setembro ás 10.00 horas.



– Na modalidade de Hípica terá lugar no centro autorizado CEMAR en Mondariz-Balneiro, o día 15 de setembro ás 10.00 horas.

– Na modalidade de Salvamento e Socorrismo, o día 16 de setembro nas instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública da Estrada ás 10.00 horas.

– Na modalidade de Vela, o día 20 de setembro ás 10.00 horas, nas instalacións do porto deportivo da Pobra do Caramiñal, podendo variar a data do exame no caso de non darse as condicións meteorolóxicas establecidas no anexo VIII do Decreto 135/2012, do 31 de maio (DOG do 20 de xuño), polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre.

Calquera posible variación sobre este calendario requirirá autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, por ser o centro directivo habilitado para coordinar estas probas e os seus criterios de avaliación.

IV. Tribunais das probas.

Os tribunais constituiranse de acordo co descrito nos respectivos decretos polos que se establecen os currículos das modalidades ou especialidades correspondentes, tal como figuran nos anexos IV e V da presente resolución.

V. Reclamacións.

1. Contra as cualificacións provisorias das probas de acceso poderase presentar reclamación ante o presidente ou a presidenta do tribunal durante os dous días hábiles seguintes ao da súa publicación.

2. Contra as resolucións das reclamacións, a persoa interesada poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, ante a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria correspondente segundo o ámbito provincial en que se ditase a resolución impugnada. A resolución deste recurso porá fin á vía administrativa.

3. Contra a resolución do recurso de alzada as persoas interesadas poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

VI. Certificación das probas de madurez.

Unha vez publicada a listaxe definitiva de aspirantes que superaron a proba de madurez, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa remitirá os correspondentes certificados de ter superada a proba aos centros onde os/as aspirantes realizaron a inscrición.

VII. Matrícula.

1. O prazo de matrícula dos/as aspirantes que superen as probas de acceso abranguerá desde a data da publicación de admitidos en cada especialidade ata o 26 de setembro.

2. Para a formalización das solicitudes de matrícula, os modelos estarán dispoñibles no enderezo <http://sede.xunta.es>. Os centros tamén poderán facilitar ás persoas interesadas o modelo que se xunta como anexo II a esta resolución (código ED318B). Unha vez cuberto, entregarase unha única solicitude na secretaría do centro, que se xuntará á documentación xa presentada.

Tamén se poderá presentar a solicitude por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Coa solicitude, os interesados deberán achegar a documentación que se relaciona no anexo II desta resolución, aquela que non fose presentada coa solicitude de admisión ás probas.

Igualmente, non se deberá presentar aquela documentación que xa estivese en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e órgano ou a dependencia en que foron



presentados ou, se é o caso, emitidos e cando non transcorresen máis de cinco (5) anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

3. No relativo a criterios de admisión, observarase o disposto polo Real decreto 1363/2007, no seu artigo 34.

VIII. Datos de carácter persoal.

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Alumnado, regulado na Orde desta consellería do 26 de marzo de 2012 (DOG núm. 66, do 4 de abril). O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral Técnica, Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxeefp@edu.xunta.es

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2016

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
ADMISIÓN ÁS PROBAS DE ACCESO ÁS ENSEÑANZAS DEPORTIVAS	ED318A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

MODALIDADES DEPORTIVAS PARA AS QUE SOLICITA A PROBA DE ACCESO PARA O CURSO 2016/17							
<input type="checkbox"/> GRAO MEDIO	<input type="checkbox"/> GRAO SUPERIOR	<input type="checkbox"/> ATLETISMO	<input type="checkbox"/> BALONCESTO	<input type="checkbox"/> BALONMÁN			
<input type="checkbox"/> FÚTBOL	<input type="checkbox"/> FÚTBOL SALA	<input type="checkbox"/> HÍPICA	<input type="checkbox"/> VELA	<input type="checkbox"/> SALVAMENTO E SOCORRISMO			
Está pendente da proba de madurez de grao: <input type="checkbox"/> MEDIO <input type="checkbox"/> SUPERIOR							

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA							
Que cumpre o requisito de acceso (marque cun X a opción correspondente):							
<input type="checkbox"/> 1. Título de graduado en educación secundaria ou equivalente para os efectos académicos.							
<input type="checkbox"/> 2. Proba de madurez.							
<input type="checkbox"/> 3. Proba de acceso á formación profesional de grao medio/grao superior parte común/proba de acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas.							
<input type="checkbox"/> 4. PAU para maiores de 25 anos.							

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE							
<input type="checkbox"/> Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.							
<input type="checkbox"/> Certificación académica na que conste o expediente académico e/ou depósito de algún dos seguintes títulos:							
- Título de graduado en ESO ou de bacharel (ou equivalente), ou certificación académica na que figure ter realizado o depósito do correspondente título, ou libro de cualificacións da ESO ou do bacharelato, ou certificado de ter superadas todas as materias do bacharelato.							
- Título de técnico superior.							
- Título universitario.							
<input type="checkbox"/> Certificado de estudos do ciclo formativo no que figuren as cualificacións das materias cursadas e ter realizado o depósito do correspondente título ou o libro de cualificacións do ciclo formativo.							
<input type="checkbox"/> Certificación de superación da proba de madurez de acceso ás ensinanzas deportivas.							





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE (continuación)

- Certificación de superación da proba de acceso á formación profesional de grao medio/superior (parte común), ou a de artes plásticas e deseño.
- Certificación de superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Resolución personalizada da consellería competente en materia de deporte pola que quen solicita obtén a consideración de deportista galego/a de alto nivel.
- Resolución personalizada do Consello Superior de Deportes pola que quen solicita obtén a consideración de deportista nacional de alto nivel.
- Certificación de méritos deportivos expedida pola federación española ou autonómica correspondente.
- Volante de inscrición condicional (só para titulacións obtidas no estranxeiro).
- Certificación académica na que conste o expediente académico e/ou depósito do título de técnico deportivo alegado para o acceso.

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/> Certificado de recoñecemento do grao de discapacidade (só terá que achegarse cando non sexa emitido pola Xunta de Galicia ou no caso de non autorizar a súa consulta).	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.
 Así mesmo, declaro que a dita documentación está vivente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos do certificado de discapacidade que constan en poder da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxeefp@edu.xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE


Orde do 24 de marzo de 2003 pola que se regulan as probas de madurez e de carácter específico para o acceso ás ensinanzas deportivas reguladas polo Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro.

Resolución do 20 de xuño de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2016/17.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Dirección do Centro



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO MATRÍCULA NAS ENSEINANZAS DEPORTIVAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED318B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
PARROQUIA	LUGAR						
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					

CURSOS POR ORDE DE PREFERENCIA PARA OS QUE SOLICITA ADMISIÓN ⁽¹⁾		
CENTRO EDUCATIVO	CICLO FORMATIVO/NIVEL OU CICLO	LOCALIDADE (PROVINCIA)

(1) A posta en funcionamento destes estudos estará condicionada á existencia dun mínimo de 10 alumnos/as; non se cuantificará para estes efectos o alumnado repetidor.

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA
Que cumpre o requisito de acceso (marque cun X a opción correspondente):
<input type="checkbox"/> 1. Técnico deportivo da mesma modalidade ou especialidade.
<input type="checkbox"/> 2. Título de bacharel ou equivalente para os efectos académicos.
<input type="checkbox"/> 3. Requisitos relativos á experiencia deportiva, de ser o caso.
<input type="checkbox"/> 4. Proba de madurez.
<input type="checkbox"/> 5. Proba de acceso á formación profesional de grao medio/grao superior parte común/proba de acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas.
<input type="checkbox"/> 6. PAU para maiores de 25 anos.
<input type="checkbox"/> 7. Proba específica.

CVE-DOG: syfav3z8-kmn2-4fm9-s9s4-zuwyqexufco7





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE (continuación)

<input type="checkbox"/>	Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.			
<input type="checkbox"/>	Certificación académica na que conste o expediente académico e/ou depósito de algún dos seguintes títulos: - Título de graduado en ESO ou de bacharel (ou equivalente), ou certificación académica na que figure ter realizado o depósito do correspondente título, ou libro de cualificacións da ESO ou do bacharelato, ou certificado de ter superadas todas as materias do bacharelato. - Título de técnico superior. - Título universitario.			
<input type="checkbox"/>	Certificado de estudos do ciclo formativo no que figuren as cualificacións das materias cursadas e ter realizado o depósito do correspondente título ou o libro de cualificacións do ciclo formativo.			
<input type="checkbox"/>	Certificación de superación da proba de madurez de acceso ás ensinanzas deportivas.			
<input type="checkbox"/>	Certificación de superación da proba de acceso á formación profesional de grao medio/superior (parte común), ou a de artes plásticas e deseño.			
<input type="checkbox"/>	Certificación de superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.			
<input type="checkbox"/>	Resolución personalizada da consellería competente en materia de deporte pola que quen solicita obtén a consideración de deportista galego/a de alto nivel.			
<input type="checkbox"/>	Resolución personalizada do Consello Superior de Deportes pola que quen solicita obtén a consideración de deportista nacional de alto nivel.			
<input type="checkbox"/>	Certificación de méritos deportivos expedida pola federación española ou autonómica correspondente.			
<input type="checkbox"/>	Volante de inscrición condicional (só para titulacións obtidas no estranxeiro).			
<input type="checkbox"/>	Certificación académica na que conste o expediente académico e/ou depósito do título de técnico deportivo alegado para o acceso.			
	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXpte.	ANO
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/>	Certificado de recoñecemento do grao de discapacidade (só terá que achegarse cando non sexa emitido pola Xunta de Galicia ou no caso de non autorizar a súa consulta).			

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.
 Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos do certificado de discapacidade que constan en poder da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxeefp@edu.xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE


Orde do 24 de marzo de 2003 pola que se regulan as probas de madurez e de carácter específico para o acceso ás ensinanzas deportivas reguladas polo Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro.

Resolución do 20 de xuño de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2016/17.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Dirección do Centro



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



ANEXO III

I. Proba de madurez dos ciclos de grao medio das ensinanzas deportivas.

A proba de madurez constará das seguintes partes:

Desenvolvemento por escrito, durante o tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen sobre lingua galega a partir dun texto escrito.

Desenvolvemento por escrito, durante o tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen sobre lingua castelá a partir dun texto escrito.

Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen referidas a contidos socioculturais.

Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen referidas a contidos científico-tecnolóxicos (matemáticas, ciencias da natureza e tecnoloxía).

Nestes exercicios valoraranse a madurez e o nivel de coñecementos sobre estas áreas propias do currículo da educación secundaria obrigatoria. Cumprirá seleccionar tres das devanditas materias e desenvolver por escrito unha cuestión de entre dúas que se propoñan, para cada unha das tres elixidas.

II. Proba de madurez dos ciclos de grao superior das ensinanzas deportivas.

A proba de madurez versará sobre as seguintes materias comúns propias do currículo do bacharelato:

- Lingua Galega e Literatura.
- Lingua Castelá e Literatura.
- Filosofía e Cidadanía.
- Lingua estranxeira (Inglés/Francés).
- Ciencias para o Mundo Contemporáneo.



– Historia de España.

– Historia da Filosofía.

Cumprirá seleccionar tres das devanditas materias e desenvolver por escrito unha cuestión de entre dúas que se propoñan, para cada unha das tres elixidas. O tempo máximo para a súa realización será dunha hora para cada materia.

Neste exercicio valorarase o grao de madurez da persoa aspirante en canto á correcta comprensión de conceptos, a utilización da linguaxe e a capacidade de análise e de síntese.

ANEXO IV

Composición do tribunal único que deberá xulgar as probas de madurez das ensinanzas deportivas para o curso 2016/17:

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidente	Fernando Fernández Fraga	Presidenta	Manuel Guerra Fernández
Secretaria	Rosa Gao Sánchez	Secretaria	M ^a Luz Ares Fandiño
Vogal 1º	Noemí Álvarez Villar	Vogal 1º	Sofía Viña Díaz
Vogal 2º	M ^a Jesús Lorenzana Lamelo	Vogal 2º	M ^a Teresa de Jesús Rey Rey
Vogal 3º	Julita Taboada Martínez	Vogal 3º	Leopoldo Bahillo Varela
Vogal 4º	Carmen Meiriño González	Vogal 4º	Marta Coria Blanco
Vogal 5º	Manuel Ángel García Gómez	Vogal 5º	Manuel Mira Martínez
Vogal 6º	Ricardo Pita Fernández	Vogal 6º	Victoria Cerviño Ferrín

ANEXO V

1. Composición do tribunal único que deberá xulgar as probas de acceso de carácter específico das ensinanzas deportivas en fútbol I (A Coruña) para o curso 2016/17:

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidente	Fernando Fernández Fraga	Presidenta	M ^a Antonia González Comesaña
Secretario	Juan Emilio Riveiro Rodríguez	Secretario	Xurxo Pena García
Vogal 1º	José Manuel Martínez Paz	Vogal 1º	José Jorge Martínez Rodríguez
Vogal 2º	Modesto Yáñez Garrote	Vogal 2º	Miguel Ángel Abarca Ribas
Vogal 3º	Antonio Alberto Villamor Pérez	Vogal 3º	Emilio de Vicente Nogueira



2. Composición do tribunal único que deberá xulgar as probas de acceso de carácter específico ás ensinanzas deportivas en fútbol II (Pontevedra) para o curso 2016/17:

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidente	Fernando Fernández Fraga	Presidenta	M ^a Antonia González Comesaña
Secretario	Juan Emilio Riveiro Rodríguez	Secretario	Telmo Silva Alonso
Vogal 1º	Tomás Montoya Aboal	Vogal 1º	José Jorge Martínez Rodríguez
Vogal 2º	Francisco Pérez Carral	Vogal 2º	Miguel Ángel Abarca Ribas
Vogal 3º	Xurxo Pena García	Vogal 3º	Emilio de Vicente Nogueira

3. Composición do tribunal único que deberá xulgar as probas de acceso de carácter específico ás ensinanzas deportivas en fútbol sala para o curso 2016/17:

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidente	Fernando Fernández Fraga	Presidenta	M ^a Antonia González Comesaña
Secretario	Juan Emilio Riveiro Rodríguez	Secretario	Javier Rodríguez Sarmiento
Vogal	Isidro Grela Mosquera	Vogal	José Jorge Martínez Rodríguez

4. Composición do tribunal único que deberá xulgar as probas de acceso de carácter específico ás ensinanzas deportivas en baloncesto para o curso 2016/17:

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidente	Fernando Fernández Fraga	Presidenta	M ^a Antonia González Comesaña
Secretario	Juan Emilio Riveiro Rodríguez	Secretario	Jesús Miguel Jaureguiza
Vogal	Iván Villar Fernández	Vogal	Pablo Villaronga Paz

5. Composición do tribunal único que deberá xulgar as probas de acceso de carácter específico ás ensinanzas deportivas en balonmán para o curso 2016/17:

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidente	Fernando Fernández Fraga	Presidenta	M ^a Antonia González Comesaña
Secretario	Juan Emilio Riveiro Rodríguez	Secretario	Anxo Gómez García
Vogal	Emilio Pintos Soto	Vogal	Miguel Ángel Abarca Ribas

6. Composición do tribunal único que deberá xulgar as probas de acceso de carácter específico ás ensinanzas deportivas en atletismo para o curso 2016/17:

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidente	Fernando Fernández Fraga	Presidenta	M ^a Antonia González Comesaña
Secretario	Juan Emilio Riveiro Rodríguez	Secretario	Eduardo Pérez Romero
Vogal	Roberto Marcos Ferreiro	Vogal	Santiago Cabado Estraviz



7. Composición do tribunal único que deberá xulgar as probas de acceso de carácter específico das ensinanzas deportivas en hípica para o curso 2016/17:

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidente	Fernando Fernández Fraga	Presidenta	Mª Antonia González Comesaña
Secretario	Juan Emilio Riveiro Rodríguez	Secretario	Telmo Silva Alonso
Vogal	Juan José Casadevall Álvarez	Vogal	Gustavo Barroso Pernas

8. Composición do tribunal único que deberá xulgar as probas de acceso de carácter específico das ensinanzas deportivas en vela para o curso 2016/17:

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidente	Fernando Fernández Fraga	Presidenta	Mª Antonia González Comesaña
Secretario	Juan Emilio Riveiro Rodríguez	Secretario	Telmo Silva Alonso
Vogal	Miguel Cons Ferreiro	Vogal	Diego Rojo Garrido

9. Composición do tribunal único que deberá xulgar as probas de acceso de carácter específico das ensinanzas deportivas en salvamento e socorrismo para o curso 2016/17:

Comisión titular		Comisión suplente	
Presidente	Fernando Fernández Fraga	Presidenta	Mª Antonia González Comesaña
Secretario	Juan Emilio Riveiro Rodríguez	Secretario	Eduardo Pérez Romero
Vogal	José Manuel Paredes González	Vogal	Olga Cabaleiro Caride

ANEXO VI

Centros onde se poderá realizar a inscrición para as probas:

Modalidade	Centros
Fútbol	IES Sánchez Cantón (Pontevedra) IES Universidade Laboral (Culleredo)
Fútbol sala	CIFP A Farixa (Ourense)
Baloncesto	IES Fermín Bouza Brey (Vilagarcía de Arousa)
Balónmán	IES Sánchez Cantón (Pontevedra)
Atletismo	IES Nosa Señora dos Ollos Grandes (Lugo) IES As Barxas (Moaña)
Salvamento e Socorrismo	IES Antón Losada Diéguez (A Estrada)

